

# CORO E TÉCNICA VOCAL II

## ORIENTACIÓNS XERAIS

### 1. Introducción

O canto é a forma de expresión musical máis connatural en tanto que o instrumento é o mesmo corpo, producindo o son mediante o aparello fonador. A inmediatez da produción sonora, respecto da persoa que produce o son, implica tal relación directa no proceso de produción e transmisión que confire ao canto unha capacidade de comunicación expresiva e emocional, difícil de lograr por outros medios instrumentais. A dispoñibilidade practicamente universal do instrumento como parte do noso corpo e a súa aprendizaxe co mesmo proceso de desenvolvemento físico-cognitivo, confire ao canto unha dispoñibilidade igualmente excepcional. Aínda nos casos en que esta dispoñibilidade fonadora non fose efectiva, no marco da práctica coral o corpo dispón de recursos expresivos máis aló da pura fonación, como poden ser a percusión corporal ou as posibilidades derivadas do movemento no espazo físico, xa sexa de modo individual ou en grupo.

A materia de **Coro e Técnica Vocal II** permite, ademais do desenvolvemento dos seus contidos e competencias específicas, a posta en práctica de contidos e competencias incluídas noutras materias do currículo do bacharelato e, cinguíndonos aquí ás máis próximas por afinidade de área, nas materias de Análise Musical II e de Historia da Música e da Danza. Ase mesmo, non debe deixar de contemplarse o carácter propedéutico que teñen respecto desta materia, os contidos e competencias específicas da materia homónima do curso anterior.

Os **contidos** da materia de Coro e Técnica Vocal II agrúpanse no currículo do segundo curso de bacharelato en tres bloques, nos que se combinan aspectos conceptuais con outros máis vinculados á práctica vocal e coral. Así a **Análise** comprende o desenvolvemento de escoita activa para o recoñecemento dos elementos e conceptos específicos que son propios da linguaxe musical, neste caso, na súa aplicación á análise de obras corais; e, a partir de aí, a capacidade de recoñecer os elementos estilísticos de diferentes épocas históricas e ámbitos culturais, así como os diferentes xéneros principais do repertorio da música coral. A **Técnica vocal** comprende o coñecemento do mecanismo de produción da voz así como a súa conceptualización. A **práctica de conxunto** inclúe todo aquilo referido ao traballo en grupo: aprendizaxe do repertorio, preparación e planificación da interpretación, desde a primeira lectura da obra até a súa posta en escena, incluíndo non só a execución artística, senón tamén a súa presentación e difusión.

A proba trata de cubrir o máis amplamente posible estes diferentes contidos, partindo da limitación que implica a imposibilidade de realizar probas prácticas, máis aló da audición con partitura. Proponse xa que logo, unha avaliación a partir dos contidos conceptuais e reflexivos asociados a estas competencias prácticas. Deste xeito, as **audicións coa súa**

**partitura** permiten ao alumnado mostrar os seus coñecementos no ámbito da análise, pero tamén en aspectos relacionados coa interpretación, tales como o fraseo, os rexistros vocais, as dinámicas e planos sonoros, etc. As **preguntas de desenvolvemento**, ademais de contidos conceptuais relacionados coa práctica coral, teñen unha orientación tamén a aspectos máis prácticos relacionados coa interpretación, como son a técnica vocal e a prevención de patoloxías, ou a montaxe das obras tanto nos aspectos artísticos, como nos que teñen que ver coa produción e escenificación. Finalmente, as preguntas de **definicións** curtas, avalían non só o coñecemento terminolóxico, senón tamén no seu caso, a relación coa súa posta en práctica no ámbito do canto coral.

O **traballo práctico no coro**, é a ferramenta idónea para o desenvolvemento de contidos e competencias que forman parte desta avaliación. A este fin, propónse unha selección de obras para traballar na aula con un nivel axeitado ao alumnado de segundo de bacharelato. Desde a variedade de estilos que as obras representan, así como desde os recursos que permiten poñer en práctica, poden desenvolverse de un xeito máis eficaz as competencias propias desta materia, e máis especificamente, aquelas que son obxecto da ABAU.

## **2. Obxectivos, contidos e criterios xerais de avaliación.**

### **Obxectivos da materia**

**OBX1: escoitar e visionar de forma activa pezas vocais de distintos estilos, xéneros e culturas, analizando os trazos de estilo e as características da interpretación, para desenvolver o criterio estético, estimular o hábito de escoita activa e ampliar as posibilidades de gozo.**

- A escoita e o visionado activos son indispensables para poder analizar unha proposta musical. Os elementos estilísticos comúns e a tradición na interpretación constituirán os referentes básicos desta análise, que será formulada con axuda dunha linguaxe técnica apropiada. Prestarase especial atención á relación do texto coa música para considerar o seu reflexo na interpretación. Pola súa vez, o visionamento de actuacións gravadas axudará a profundar nas intencións expresivas.

- A elección dun amplo abano de pezas vocais permitiralle ao alumnado ampliar os seus gustos, ir formando un criterio propio e potenciar a construción dunha identidade persoal e cultural baseada no respecto á diversidade. Pola súa banda, a práctica sistemática da escoita activa poderá refinar a análise e influír noutras escoitas máis amplas e persoais.

- Escoitar e ver para aprender, aplicando ás futuras producións e interpretacións propias aquilo que se entendeu, reflexionou e interiorizou, forma unha parte crucial da aprendizaxe e pode implicar un aspecto motivador para a mellora.

**OBX2: Expresarse vocal e corporalmente, de forma individual e colectiva, a través da aplicación de diferentes técnicas e desenvolver a voz e o corpo como instrumento de comunicación.**

- As habilidades do canto adquirense poñendo en práctica diversas técnicas que implican o aparello fonador e o resto do corpo. Por iso, é crucial que o alumnado adopte unha actitude de escoita activa do seu propio corpo e do son que este emite, e que, ao mesmo tempo, vaia desenvolvendo unha percepción global do grupo, tanto no aspecto sonoro como no ámbito do movemento. Só desta maneira se poderán ir abordando apropiadamente as demandas musicais do repertorio, do seu texto, así como as necesidades dunha posta en escena.

**OBX3: Interpretar pezas de diferentes estilos e xéneros musicais, participando en distintas formacións vocais, para potenciar unha comunicación artística rica e o desenvolvemento de valores colectivos.**

- A interpretación de pezas de diferentes repertorios, expresados en distintos idiomas e provenientes de culturas e épocas diversas, contribúe a alongar o campo expresivo. Ademais, pode constituír un elemento motivador para o alumnado, pois eses repertorios achégano a unha enriquecedora variedade de estéticas, recursos, técnicas interpretativas e propostas escénicas, e, sobre todo, a unha gran diversidade de emocións emanadas tanto dos textos como da música. O achegamento a esta diversidade pode ser aproveitada para identificar exemplos vocais, xestuais e corporais que ilustren eficazmente modelos que seguir.

**OBX4: Participar en proxectos escénicos, realizando e asumindo tarefas propias da produción, para favorecer o crecemento artístico persoal, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.**

- O deseño e a posta en escena dun proxecto artístico require dun traballo en equipo. Ser partícipe deste proceso de creación conxunto, desde o inicio da idea ata a cristalización do produto, contribúe a fomentar a iniciativa e a autonomía do alumnado, a resolución creativa das dificultades atopadas e a asunción de responsabilidades individuais para lograr un obxectivo común.

- O proxecto facilita a posta en práctica dos recursos musicais adquiridos e require da toma de conciencia dos condicionantes e limitacións técnicas: só así poderá o alumnado reforzar a súa confianza e sacar o máximo proveito ás súas posibilidades. A participación artística no escenario implica tamén a xestión emocional e o recoñecemento do público nese espazo de comunicación.

- Por último, o proxecto pode supoñer o traballo multidisciplinario e o uso de diferentes aplicacións e ferramentas tecnolóxicas, analóxicas e dixitais, orientando a produción escolar a situacións profesionais artísticas e de xestión. Neste sentido, tanto a actuación como o desempeño dalgunha das funcións da produción artística (preprodución, organización de ensaios, apoio técnico ou difusión) permitiránlle ao alumnado recoñecer as súas aptitudes e descubrir distintas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional, ligadas ao ámbito da música.

## **Criterios xerais de avaliación (CA), obxectivos relacionados (OBX) e contidos.**

### Bloque 1: Análise.

CA1.1. Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena. OBX1

CA1.2. Explicar a relación do texto coa música en diferentes composicións vocais, analizando o texto e a curva de tensións musicais, mellorando a comprensión deste e buscando solucións que axuden á súa mellor interpretación. OBX1

CA1.3. Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa. OBX1

CA1.4. Aplicar con interese de mellora os coñecementos da linguaxe musical a través da análise, a escoita activa e a interpretación de variedade de partituras. OBX3

### Contidos

- A relación texto-música.
- O texto a través da análise fonética. Regras do sistema fonético-fonolóxico.
- Vocabulario musical específico: referido a conceptos de linguaxe musical, así como a aspectos vocais e corais.
  - Recursos interpretativos e escénicos. Curva de tensións musicais.
  - Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos.
  - Análise e escoita activa de pezas vocais de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.

### Bloque 2: Técnica vocal.

CA 2.1 Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais. OBX2

CA2.3 Participar como intérprete de coro demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas polo director ou directora. OBX3

CA2.4. Demostrar interese no desenvolvemento técnico continuo da competencia vocal, dominio da técnica vocal traballada a través das distintas propostas musicais e exercicios traballados na aula. OBX2

CA2.5. Recoñecer a importancia de traballar interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos. OBX3

#### Contidos

- Práctica da relaxación e concentración.
- Coidado da voz e postura do corpo.
- Elementos da produción vocal: respiración, vocalización, dicción, articulación, emisión, resonancias, dinámicas, fraseo e control do son.
- Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento.

#### Bloque 3: Práctica de conxunto.

CA3.1. Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta. OBX3

CA3.4 Participar con iniciativa, responsabilidade e conciencia de grupo na montaxe de proxectos escénicos, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto. OBX4

CA3.5 Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación. OBX3

#### Contidos

- O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. O transporte.
- Equilibrio entre voces e planos sonoros: traballo de empaste e dinámicas.
- A percusión corporal e outros deseños coreográficos.
- A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional.
- Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio de coro de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo, con ou sen acompañamento instrumental.
- Funcións da produción artística: preproducción, organización de ensaios, apoio técnico e difusión, relación entre a interpretación vocal e outras artes e disciplinas.

### **3. Orientacións metodolóxicas para a preparación da proba.**

A aprendizaxe dos conceptos e contidos da materia, pola súa natureza e de acordo co currículo, facilitarase a través da práctica musical de forma progresiva. Trátase de evitar a memorización, favorecendo unha aprendizaxe significativa a través da vivencia da música e da experimentación con diversos estilos, técnicas e posibilidades vocais, e parámetros musicais da interpretación. A práctica musical en grupo é a situación de aprendizaxe óptima na que preparar ó alumnado para superar con éxito á proba de acceso á universidade na materia de Coro e Técnica Vocal II.

Na proba avaliarase a madurez e coñecementos do alumnado a partir do seu dominio do vocabulario técnico da materia. O traballo práctico na clase facilitará a resolución da parte do comentario a través da aplicación a unha obra concreta dos conceptos experimentados de forma plástica na interpretación en grupo. Un ulterior traballo de reflexión, recapitulación e síntese permitirá o alumnado sistematizalos e acadar unha dimensión explicativa dos mesmos. Este traballo proporcionará ó alumnado as ferramentas para resolver as preguntas de desenvolvemento e definición de termos.

Tamén é moi recomendable, de cara a preparación da proba, realizar unha rutina previa ó ensaio das obras consistente en exercicios de relaxación, respiración, vocalizacións e improvisacións. Esta disciplina non só mellorará a compenetración musical do grupo e desenvolverá a súa técnica vocal, senón que constitúe o espazo apropiado para a adquisición significativa de conceptos e contidos que formarán parte da proba de acceso.

En cada obra, resulta útil abordar a dimensión estilística e musical, así como a técnica vocal, interpretación e posta en escena. As partituras poden ser adaptadas ó nivel do grupo e a súa interpretación non ten por que ser coincidente coa partitura facilitada. Reducir o número de voces, simplificar a harmonía ou o perfil melódico, substituír ou dobrar voces con instrumentos, facer apoios de percusión, ou transportar a partitura, entre outras posibilidades, non impide traballar as características básicas estilísticas das obras propostas, coa súa especificidade musical. É importante cotexar as interpretacións de clase con diversas interpretacións gravadas para unha maior comprensión dos conceptos implicados e para favorecer a aprendizaxe da súa aplicación práctica e discursiva.

Na análise das obras propostas teranse en conta os seguintes elementos propios dunha práctica musical adecuadamente desenvolta, facendo un maior ou menor énfase neles en función da súa relevancia en cada obra:

- Autor, estilo e contextualización breve
- Tipo de voces. Ámbito melódico de cada voz
- Curvas melódicas e artellamento musical: legato, staccato...
- Indicación das respiracións para cada unha das voces ao longo da obra
- Relación entre o texto e a música
- Tempo e ritmo
- Dinámica e agónica
- Textura musical

- Forma/Estrutura
- Posta en escena: disposición do coro no escenario e tamén dos instrumentos, se os houbera. Neste apartado tamén se pode incluír a pequena coreografía que se deseñe para o acompañamento da interpretación vocal dalgunhas das pezas que se propoñen.

Cando non haxa indicación expresa na partitura de dinámica, tempo, articulación, etc., poderase facer unha proposta persoal da súa interpretación, argumentada en función do traballo de clase.

O comentario da audición realizarase a partir da audición e a súa partitura. As audicións que se sinalan no Anexo I así como as que se podan poñer na proba de entre estas, non sempre coincidirán exactamente co que se reflexa na partitura, como é esperable da variabilidade de calquera interpretación e/ou dos arranxos. O alumnado poderá facer referencia indistintamente á audición e á partitura da obra, entendendo flexible esta relación.

O Anexo I contén o listado de obras que se propón traballar nas clases, xunto coas partituras e enlaces orientativos ás audicións en internet. De este listado de obras extraeranse as que se porán finalmente na proba.

Os Anexos II e III conteñen as preguntas de desenvolvemento e as definicións de entre as que se extraerán as que se poñerán finalmente na proba. Acompáñanse descritores orientativos (non prescriptivos) para as respostas.

## **GRUPO DE TRABAJO CORO E TÉCNICA VOCAL II**

|  |                           |
|--|---------------------------|
| Luis Costa Vázquez (Director)            | UVigo                     |
| Xosé María López Carretero (Subdirector) | USC                       |
| Rubén Veloso Carnero                     | Inspección Educativa      |
| Rosalía Polo Cal                         | S.X.I.A.S.E.              |
| María Mercedes Moreno Sande              | IES Frei Martín Sarmiento |
| Ilduara Perianes Guitián                 | IES As Lagoas             |